

Á FISCALÍA DE VIGO

Rúa Lalín, 4  
32600 Vigo  
Teléfono: 986817433  
Fax: 986817436

D. \_\_\_\_\_, con DI \_\_\_\_\_,  
con domicilio a efectos de notificación en \_\_\_\_\_,  
comparece ante esta  
Fiscalía e como mellor proceda en dereito, EXPÓN:

**FEITOS:**

**PRIMEIRO.-** Que o pasado día 29 de decembro de 2007 o Concello de Vigo celebrou o pleno no que se aprobou o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM). Tal e como se desenrolou o pleno, a consecuencia foi que se viron vulnerados os meus dereitos como cidadán que pretendía acceder ao mesmo, outros cidadáns incluso levaban esperando dende as 5 da madrugada anterior, xa que dende a Alcaldía se ordenou o peche das dependencias do Concello así como a custodia das portas por un forte dispositivo policial.

Estas circunstancias foron recollidas en data 30 de decembro de 2007 en noticia do xornal La Voz de Galicia e que se adxunta como **Documento 1**.

Oficialmente o Alcalde alegou que non se podía permitir o acceso ó pleno en base a que non había sitio para a xente nas dependencias municipais, pero como se recolle na mesma noticia adxunta, incluso había asentos libres, feito que coñecían os que agardaban fóra.

**SEGUNDO.-** A negación do dereito de acceso aos asuntos públicos, a parte de ser unha conducta delictual por si mesma, resultou tamén unha actitude discriminatoria xa que “antes de que se iniciara a sesión, un grupo de persoas foron colocadas polo alcalde por outra entrada secundaria” (como así foi recollido no xornal La Voz de Galicia en noticia de data 30 de decembro de 2007 e que figura anexo como **Documento 1**) ante a indignación dos presentes que pretendían o acceso así como dos policía locais que custodiaban a porta.

Dito feito acredita tamén a falsidade das alegacións do Alcalde, D. Abel Caballero, cando afirmou que o acceso se negaba en base a que o salón de sesións estaba cheo.

**ALEGACIÓNS:**

**PRIMEIRA.-** O artigo 23.1 da Constitución Española establece que “**Os cidadáns teñen dereito a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, libremente elixidos por eleccións periódicas por sufraxio universal.**”

Esta participación directa implica o dereito de acudir ás sesións dos Plenos das Corporacións Locais.

Este artigo está enmarcado na Sección 1ª do Capítulo II do Título I da Constitución, que toma o nome de Dos Dereitos Fundamentais e das Liberdades Públicas, na que se recollen unha serie de dereitos ós que a Norma Suprema outorga un nivel superior de protección.

Con respecto ao Artigo 23 da Constitución é necesario lembrar que existe unha basta xurisprudencia, cunha doutrina clara a favor dunha interpretación extensiva do concepto do artigo, non limitando o seu ámbito aos casos electorais senón que ha de aplicarse a tódolos ámbitos das cuestións públicas.

En relación con todo o exposto podemos destacar as seguintes sentencias:

**-ST Recurso nº 812/97 e1341/97 SENTENCIA número 570/98 SALA DO  
CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE  
MURCIA SECCION SEGIJNDA:**

*“II- FUNDAMENTOS XURIDICOS:*

*PRIMEIRO . - Fundamenta o actor, Concelleiro Único e portavoz do Grupo Municipal Esquerda Unida-Os Verdes do Concello de Caravaca, o, presente recurso contencioso administrativo de protección de dereitos fundamentais na violación polos actos impugnados do dereito a participar nos asuntos públicos directamente ou a través dos seus representantes libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal e do dereito a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos cos requisitos que sinalan as leis (art. 23.1 e 2 e art. 14 da Constitución), alegando qua a actuación impugnada vulnera así mesmo as artigos. 1.1 e 9. 2 e 3 C.E. que, respectivamente, consagran en España un Estado social e democrático de dereito, así como a obriga dos poderes públicos de facilitar a participación dos cidadáns na vida política, garantindo a interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos. Alega que os acordos plenarios do Concello, o primeiro, en canto aproba inicialmente os Orzamentos de 1997, sen admitir a debate e votación as emendas que presentou fronte a eles, e o segundo en canto aproba definitivamente devanditos Orzamentos desestimando as súas reclamacións, violan devanditos dereitos fundamentais, tendo en conta que aínda que é certo que se abstivo na votación que de devanditos Orzamentos fíxose na Correspondente Comisión informativa, reservouse o dereito á presentar emendas no Pleno e que o precepto aplicable non é o art. 97.4 e 5 do ROF, coma afirma o Concello, senón ao art. 149.4 LHL, qua establece que as emendas deben realizarse no Pleno e non ante outro órgano municipal. Para rematar direi que o Concello con tal actitude cambiou o criterio qua seguira o ano anterior, así coma o que manteñen outros Concellos da Rexión.*

*(...)Do exposto despréndese qua debe entenderse vulnerado pola actuación municipal impugnada ao art. 23. 1 e 2 CE en canto consagra o dereito dos cidadáns a participar nos asuntos públicos a través dos seus representantes e dereito a acceder ás funcións e cargos públicos en condicións de igualdade; e iso par as seguintes razóns:*

*(...)Por última procede sinalar que, contrariamente ao afirmado pola Administración demandada, a vulneración que resulta do feito de privar ao representante da a súa función pública afecta a todas simultaneamente (ciudadáns e representantes), xa que se trata tamén dunha vulneración do dereito do representante a exercer a función que lle é propia, dereito sen o cal, como é obvio, veríase baleirado de contido o dereito dos representados (STC 10/83, de 21 de febreiro).*

Ademais hai que ter en conta que o artigo 10.1 da Constitución española impide unha interpretación dos dereitos fundamentais absoluta e ilimitada polo que cando falamos de medidas que poidan limitar a esfera xurídica dos particulares en base a unhas circunstancias concretas, nunca poderíamos encaixar a violación de un dereito fundamental.

Por outra parte o Artigo 9.2 do mesmo texto constitucional incide sobre a mesma idea, pois establece que **corresponde ós poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de tódolos cidadáns na vida política, económica, cultural e social.**

**SEGUNDA.-** O Artigo 70 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local reza:

“1. **As sesións do Pleno das corporacións locais son públicas.** Non obstante, poderán ser secretos o debate e votación de aqueles asuntos que poidan afectar ao dereito fundamental dos cidadáns a que se refire o [artigo 18.1 da Constitución](#), cando así se acorde por maioría absoluta.”

Conforme ao anteriormente exposto, e dado que a sesión do Pleno non cumpre cos requisitos legais para resultar secreta xa que non afecta a asuntos relativos ao dereito á honra e intimidade das persoas recollido no artigo 18 da Constitución, nin foi así declarada pola maioría absoluta da corporación, resulta claro que a denegación do dereito ao acceso a asuntos públicos resulta ilegal, debendo responder da mesma quen así a acordou vulnerando o dereito fundamental que asiste a quen quixo asistir ao pleno e se lle denegou fundamentándose en mentiras e discriminacións.

**TERCEIRA.-** O Artigo 78 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local establece:

“1. Os membros de las Corporacións locais están suxeitos á responsabilidade civil e penal polos actos e omisións realizados no exercicio do seu cargo.”

**CUARTA.-** O Artigo 542 do Código Penal actual prevé a pena de inhabilitación á autoridade ou funcionario público que a sabendas impida o exercicio de outros dereitos cívicos recoñecidos na Constitución Española e as Leis.

En esta liña, cabe facer referencia á doutrina xurisprudencial que en numerosas ocasións condenou a negativa a facilitar información como feito delictivo. Así por exemplo a STS Sala 2ª de 22 de xaneiro de 1996 confirmatoria da Sentencia da Audiencia Provincial de Santander de 16 de decembro de 1994 pola que se condenaba a un Alcalde á pena de seis anos e un día de inhabilitación especial como autor responsable de un delicto contra o exercicio dos dereitos cívicos recoñecidos pola lei.

En atención ao exposto **SOLICITO:**

1.- Que a Fiscalía teña a ben aceptar este escrito así como os seus documentos anexos, así como que se esixan as responsabilidades derivadas da decisión do Alcalde de impedir o acceso ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo de data 29 de decembro de 2007.

2.- Que se investiguen as irregularidades acaecidas neste abuso de dereito, así como que se informe a esta parte de cantas actuacións se leven a cabo por este asunto.

Santiago de Compostela 7 de xaneiro de 2008.

Fdo: \_\_\_\_\_